

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO

(Orde do 28 de maio de 2014). DOGA do 30/05/14.

Destinatarios:

1º.- Alumnado que se matricule en calquera dos cursos de educación primaria no vindeiro curso 2014/15 e **non repetir nese ano académico agás os de 1º e 2º que poderán solicitar, xa que son materiais que non poden ser reutilizados.**

2º.-Ter unha **renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000€.**

3º.- O alumnado **ten a obriga de conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2014/2015 (xuño), **a un fondo solidario** constituído no centro (banco de libros).

Lugar e prazo de presentación: na secretaría do centro (para axilizar o proceso) do **4 ao 20 de xuño** do presente ano, en **horario de 9 a 11 horas.**

Documentos que se deben de presentar:

- ✓ **Formulario de solicitude** (Anexo 1), cuberto e asignado (as instancias poden obtelas no centro, descargalas en formato pdf no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/>, (ligazón de axudas libros de texto “**gratuidade solidaria**”), ou na páxina web (<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvistaalegre/>), debendo presentar unha por alumno/a matriculado/a.
- ✓ **Fotocopia do libro de familia** no que figuren tódolos membros da unidade familiar.

***No caso de non pusuir libro de familia** ou non coincidir os datos que aparecen nel coa situación familiar:

Orixinal ou copia do certificado de empadramento da unidade familiar ou de residencia expedida polo Concello.

***No caso de discapacidade do/a alumno/a ou dalgún membro da unidade familiar**, deberá acompañar copia compulsada de:

- Certificado dunha minusvalidez igual ou superior o 33%.
- Resolución ou certificado emitido pola S.Social de pensión de incapacidade.
- Documentación acreditativa da condición de pensionista.

*No caso de **familias monoparentais** deben de xustificar esta situación.

Unha vez que a solicitude esté debidamente tramitada, o centro xerará un **VALE (170€ ou 90€)** que será entregado ao solicitante, podendo adquirir os libros e material escolar no correspondente establecemento que elixa e polo importe máximo que figure no vale.

Para recoller este VALE, os solicitantes pasarán pola secretaría do centro o día 2 ou 3 de xullo en horario de 10 a 13 horas.

Renda per cápita:

- **Cálculo da renda per cápita:** *é a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables* (o pai, a nai o alumno e irmáns solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano 2012 ou maiores de 25 que teñan algún tipo de discapacidade). Os membros cunha discapacidade igual ou superior ao 33% computarán por *dous* membros da unidade familiar
- **Renda familiar:** Os membros da unidade familiar que presentasen *declaración do imposto sobre a renda de 2012*, **sumarán os recadros 455 (base imponible xeral) e 465 (base imponible do aforro)** da declaración. Este centro asesorará aos interesados para poder cubrir as solicitudes e achegar a documentación esixida pola convocatoria.